

A NOGUEIRA DO PAÍS

A NOGUEIRA DO PAÍS, *JUGLANS REGIA*, É UNHA ESPECIE QUE PRESENTA INTERESE PRODUCTIVO POLA SÚA VALIOSÍSIMA MADEIRA E POLA POSIBILIDADE DE APROVEITAMENTO DE FROITO. ESTE ÚLTIMO AUMENTA A MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE, XA QUE O PROPIETARIO PODE OBTEN ASÍ UN RECURSO ECONÓMICO ANUAL INDEPENDENTE DA RENDA DA MADEIRA NO MOMENTO DA CORTA

Texto: Jacobo Feijoo Lamas

Fotografías: Xan G. Muras

A nogueira é unha frondosa caducifolia de gran porte e que se estende lateralmente a súa copa moi amplamente, precisando un gran espazo vital. O seu froito, a noz, é de tipo drupáceo. A nogueira é especie que presenta flores machos e femias sobre o mesmo pé, florecendo na primavera e madurando os froitos no comenzo do outono. Conta con follas compostas, imparipinnadas e con inserción alterna ó longo da rama. O temperamento é intolerante, necesitando insolación directa e abundante.

É unha especie que precisa calor durante o período vexetativo, resiste ben os fríos do inverno pero non gusta das xeadas tardías de primavera. Pode habitar en toda Galicia, atopándose espallada polas catro provincias e incluso por riba dos 1000 m, sempre que conte co solo axeitado. Cómpre alomenos 50 cm de profundidade en solos frescos pero á vez ben drenados e filtrantes, non tolerando o empozamento. O rango máis axeitado de pH é de 6 a 8, o cal non é sempre fácil de atopar na nosa terra. Precisa solos ben provistos de nutrientes.

Á nogueira do país é aconsellable plantala a marco final de 12 ou 10 m, é dicir 69 ou 100 pes/ha, utilizando planta de viveiro, debidamente seleccionada e de unha ou dúas seivas. Este marco final de plantación é debido a non conveniencia de facer claras, xa que é moi susceptible á podremia da raíz, de xeito que se podería contaxiar desde os tocóns das árbores eliminadas ás nogueiras que se deixaran en pe.

Isto fai que o seu cultivo forestal

sexa moi peculiar, considerándose especialmente indicada para producións mixtas de froito e madeira, o cal esixe unha selvicultura particular.

A clave para unha boa plantación que permita un aproveitamento mixto de froito e madeira é a formación da copa das árbores. Existe sempre unha certa incompatibilidade entre a forma das copas en plantacións

da árbore, como a formación típica en vaso. No segundo interesa un fuste dereito e longo para obter trozas para serra ou chapa, de calidade e polo tanto con maiores prezos no mercado.

No caso da plantación mixta inténtase supera-la contradicción anterior deixando un fuste de 2,5 ou 3 m de altura e formando a típica copa aberta de produción de froito, xusto por riba desa altura. Obtense así no momento da corta alomenos unha troza de calidade para serra ou chapa.

O amplo espazo que queda entre árbores é utilizado moitas veces para cultivos agrícolas intercalares, como millo. Para iso déixanse inicialmente bandas de 2 m a cada lado das filas de nogueiras. Cada ano aumentanse as bandas en medio metro pois o crecemento das raíces vai impedindo laborealo solo nas proximidades dos pes.

Existe a opción de introducir un sotobosque arbustivo, que iría eliminando o crecemento das nogueiras, debido tanto á competencia pola luz como á emisión de substancias alelopáticas, principalmente taninos, que iniben o crecemento de vexetación a súa beira, substancias estas que incluso poden ser causa de alerxia e dor de cabeza para as persoas que durmiron ou se protexeran baixo o ambiente umbroso da árbore. Velaí a orixe das lendas sobre a nocividade da sombra da nogueira.

frutais e nas plantacións forestais para aproveitamento de madeira. No primeiro caso interesa copas amplas e abertas xa desde a base





PRODUCCIONES

Oleaxinosa, comestible e nutritiva, a noz orixina un importante mercado en Galicia. Na nosa terra en terreos axeitados á nogueira do país, e considerando sempre plantacións mixtas de tipo extensivo, deberíanse acadar producións de 1.500 a 2.000 k de noz/ha ano. Para iso deberase contar coa planta da variedade axeitada, sendo aconsellable busca-lo asesoramento dun viveiro profesional.

A entrada en produción de froito está en torno ós 8 ou 10 anos, menos tempo se usamos variedades enxertadas.

En canto á madeira de todos é de sobra coñecido que é a máis noble de cantas se producen na península, e mesmo en toda Europa. É empregada como materia prima de primeira calidade en ebanistería e carpinteiría. Ademais da madeira do fuste, que é lóxicamente a máis valiosa, tamén

teñen aproveitamento as polas grosas para tallas e outras pezas, como culatas nas armas de caza de luxo, aumentando o índice de aproveitamento da árbore, e polo tanto o seu volume comercializable.

O seu prezo no mercado supera con moito ós das demais especies, puidendo rebasar as 175.000 ptas / m³ nas calidades para chapeados. Os turnos máis frecuentes para o aproveitamento da madeira son 60 ou 70 anos. Isto non quere dicir que haxa que esperar ese tempo para obter rendas pois lembramos que obteríamos unha renda anual en froito. Ademais unha boa finca plantada de nogueiras, incluso a unha idade moito menor ca do turno, tería xa un valor de mercado moi elevado, e que se prevé aumente no futuro pois a día de hoxe o valor da nogueira está a facer que se corte máis madeira da que se está a plantar, tal e como se reflicte nos inventarios forestais.

A nogueira do país é unha opción á hora de poñer a producir as terras de máis calidade que se van retirando da agricultura ou gandeiría por problemas de rendabilidade ou de exce-

dentes, e que parecen condenadas a esterilidade e ó mato, e onde perden sempre o medio ambiente e a vida rural. Estaríamos así investindo nun froito que non ten problemas de excedentes, nunha materia prima ecolóxica, deficitaria e de calidade, contribuíndo a diversidade do entorno, estaríamos a crear riqueza no medio rural a través da multifuncionalidade do monte, e polo tanto contribuíndo a fixa-la poboación rural, que é un dos retos máis importantes que teñen o campo e o monte galegos a curto e medio prazo.



- SEMENTES FORESTAIS
- PRODUCCIÓN DE PLANTA FORESTAL
- Especialidade en frondosas, castiñeiro híbrido, nogueiras, carballos
- PLANTA FROITERA ENXERTADA
- ABONOS ESPECIAIS E FITOSANITARIOS

PROYECTO DE ENXEÑERÍA FORESTAL

Xestión axudas Unión Europea.

SERVICIOS AGROFORESTAIS

PLANTACIÓNS FORESTAIS. ROTURACIÓNS AGRARIAS

TRATAMENTOS SELVÍCOLAS. MANTEMENTOS: limpeza, podas, abonados, tratamentos fitosanitarios (pragas, enfermidades)



BOIBEL
FORESTAL

Pazo de Galegos 15686 Frades Tel.: (981) 19 91 68 Fax: (981) 19 80 44 e-mail: argoat@jet.es